



BANDO

ANGEL ALVARIÑO SAAVEDRA, Alcalde-Presidente do Concello de Neda, no uso que me confire o artigo 21.1 e) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a tódolos veciños do Concello

FAGO SABER:

1º Que proximamente celébranse as tradicionais fogueiras de SAN XOAN e de SAN PEDRO, e co obxecto de previr calquera tipo de incidente e garantir en todo momento a seguridade das persoas e bens, considérase preciso establecer unhas normas de obrigado cumprimento por parte das persoas interesadas en levar a cabo tales celebracións, e a tal efecto, responsables da celebración.

2º O volume do material da fogueira non superará os 4 metros de diámetro nin os 3 metros de altura.

3º a separación entre as fogueiras e os edificios, árbores e demais obxectos que poidan resultar danados, será como mínimo de 15 metros.

4º Prohíbese a queima de pneumáticos, gomas, plásticos, aceites, etc., e en xeral calquera outra substancia que desprenda fumes tóxicos, así como botar ao lume materiais inflamables ou explosivos ou recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays) aínda que estean baleiros.

5º Prohíbense as fogueiras baixo os tendidos eléctricos ou telefónicos, así como nas zonas que nos arredores almacenen produtos inflamables.

6º si a fogueira se sitúa sobre terreos de uso público pavimentados, protexerase o pavimento cunha capa de area de 10cm, en toda a superficie da fogueira.

7º Ao remate da fogueira e, antes de abandonar o lugar desta, os/as responsables da organización coidarán que as cinzas queden totalmente apagadas. Igualmente garantirán que ao día seguinte da celebración todo quede nas debidas condicións de limpeza e orde.

8º En tódolos casos os/as organizadores serán responsables dos danos que puideran ocasionar a terceiros.

Sabendo de antemán que os veciños e veciñas acatarán o cumprimento das disposicións contidas neste Bando a fin de que as festas transcorran nun ambiente de san e pacífica convivencia cidadán e de respecto ao medio ambiente, aproveito a ocasión para manifestarlles o meu aprecio e consideración e desexarlles pa pasen unhas felices xornadas de lecer en compañía dos seus familiares e amigos.

Neda 7 de xuño de 2022.

O ALCALDE,